



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás doce horas do día vinte e tres de novembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia á sesión D. José Seco Fernández.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29/10/2011. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algúnto tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de outubro de dous mil once.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

CAPITULO	CONSIGNACIÓN INICIAL	FINANCIACIÓN REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA	SUPLEMENTOS DE CREDITO	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE
I Gastos de persoal	369.401,60€			369.401,60€
II. Gastos en Bens Correntes	677.255,19€			677.255,19€
III. Gastos Financeiros	2.700,00€			2.700€
IV. Transferencias correntes	26.000,00€			26.000,00€
VI. Investimentos Reais	355.163,79€	15.000,00€		370.163,79€
VII. Transferencias de Capital	0,00€			0,00€
VIII. Activos financeiros	0,00€			0,00€
IX. Pasivos financeiros	15.284,22€			15.284,22€
TOTAL	1.445.804,80€	15.000,00€		1.438.804,80€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

4.- PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2012. PROPOSTA DA ALCALDÍA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación do informe favorable emitido pola Comisión informativa municipal de asuntos do pleno na súa derradeira sesión celebrada o día dezasete de novembro de dous mil once, referente á proposta da alcaldía de inclusión de obras no Plan de Obras e Servizos 2012, que contempla a inclusión da obra denominada "Parque Público en As Neves", cun orzamento que ascende á cantidade de noventa mil euros, IVE engadido; destinábase a gastos correntes a cantidade de 41.701€ e como obra complementaria figura a de "Pavimentación camiño Cabodantoi a Ribeira", cun orzamento que ascende á cantidade de 79.519,23€ IVE engadido.

totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado +Dep.	Concello	Presuposto total
Parque público en As Neves	85.500€	4.500€	90.000€
Subtotal obras	85.500€	4.500€	90.000€

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	41.701€
---	---------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deput.	Concello	Presuposto
Subtotal obras	85.500€	4.500€	90.000€
Subtotal gastos correntes	41.701€		41.701€
Total	127.201€	4.500€	131.701€

2. Aprobar o Plan complementario do ano 2012 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
Pav. Camiño Cabodantoi a Ribeira	79.519,23 €
Totais	79.519,23€

3. Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

anteriormente manifesta que ao non haber debate sobre estas propostas o voto do seu grupo vai a ser contrario a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para reiterar o xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno, no sentido do seu voto favorable á aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012, pedíndolle ao equipo de goberno que faga un control máis eficiente do gasto corrente.

Pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular D.^a Olga Blanco Teijeiro, dise que o orzamento baixa un 10% con respecto ao ano 2011, e que se observa así mesmo un descenso importante de investimento en obras.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para manifestar que é un presuposto axustado á realidade dos tempos que corren, e que este ano o concello ó ser ano electoral puidose ter gastado un pouco demáis, pero ao mesmo tempo houbo gastos que non se puideron aprazar como foron os das acometidas da auga a todos os edificios e inmobles municipais, así como ao colexio público.

Polo Concelleiro delegado de cultura, D. José Manuel Corral Bellas, dise que nos orzamentos para o ano 2012 preténdese garantir o funcionamento dos servizos básicos (dependencia, axuda no fogar, actividades culturais e deportivas, etc.) e que se tentará dentro das posibilidades económicas incrementar a oferta cultural, doutra banda menciona que o concello non pode facer omisión das súas obrigas como patrono do museo etnográfico e por iso se consignan no presuposto un diñeiro para o seu funcionamento.

Neste punto matízase polo Sr. Alcalde - Presidente que os 9.000€ que se consignan para o funcionamento do museo son con carácter supletorio para todas aquelas subvencións que o Patronato do museo ten a obriga de solicitar como fixo estes anos.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, pídesse ao equipo de goberno que o que se faga, se faga ben e que se vixie que os directores de obra non certifiquen calquera cousa, debendo facerse un seguimento das obras día a día.

Remate o debate deste asunto o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo para respostar ao dito polo Sr. Alcalde-Presidente no sentido que se fai responsable da súa xestión no anterior equipo de goberno e que el persoalmente en tempo de eleccións non ordenou a realización de ningunha obra pensando nas propias eleccións municipais.

V	INGRESOS PATRIMONIAIS	6.571,19
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL		
VI	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
VII	TRANSF. DE CAPITAL	139.097,93
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2010		1.125.000€

2º. Aprobar a plantilla de persoal e relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.


3º. Expoñer ao público no BOP por un prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións de conformidade co preceptuado no artigo 169.1 do RD 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

4º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do concello xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/86 de 18 de abril e artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

5º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da Administración do Estado e Autonómica.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas corenta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



José A. Meizoso Paz